





ENCONTRO CO  
CANTAUTOR  
XURXO MARES  
e presentación das  
súas obras  
*DONDE SE VIVE*  
e  
*BAILANDO EL AGUA*



Teatro AS TORRES de SANTA CRUZ

O xoves, 26 de maio, ás 20 h.

Intervirán:

O cantautor: Xurxo Mares

A escritora: María G. Cotelo

Acto no que irá alternando a presentación dos seus libros, con lembranzas, xogos e cancións.

**Xurxo Mares** é licenciado en Interpretación pola R.E.S.A.D. de Madrid, Escuela Superior de Arte Dramático e cursou estudos musicais no conservatorio de Música da Coruña. Traballou en prensa, La Voz de Galicia, Antena 3 de Galicia, publicidade, televisión, cine, series, teatro e dobraxes. Cumpriu os cincuenta anos coa música no 2014, en todo este tempo escribiu as letras de trescentas cancións e compuxo a música dos sete discos gravados.

**Donde se vive**, narra a vida do autor de neno e mozo, os seus amigos, lugares preferidos: a Estación do Norte, a Granxa, o cine Monelos, Santa Cristina, Lazareto, o trolebús...

**Bailando el agua**, é un recorrido vital de cinco décadas, a partir do ano 1971 ata a actualidade (unha etapa de grandes cambios políticos e económicos), sempre sen esquecerse da música e da dobraxe, ao mesmo tempo que nos fala da *Cumbia do Valadouro*, *Viernes de Cantautar*, o cine *Goya*...

Desde as bibliotecas municipais invítase ás persoas que desexen asistir, ata completar o aforo, para que gocen coa palabra e coa música.